



EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO.
SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS
Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DE ANEXO DE EXPROPIACIÓN E DE RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN FORZOSA

Na súa sesión ordinaria do 26/04/2024 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o anexo expropiatorio do proxecto da obra denominado "Antas de Ulla.- Construción do Parque Central de Galicia en Nugallás".

Igualmente a Xunta de Goberno acordou a iniciación do expediente de expropiación forzosa para a realización da citada obra, así como someter o anexo expropiatorio e a relación individualizada de bens a información pública durante o prazo de vinte (20) días, en cumprimento do artigos 17 e 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e demais normativa de aplicación, e a notificación individual a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio de acordo co disposto no artigo 21.3 da mesma lei.

Durante o prazo de información pública, contado desde o día seguinte á última publicación do presente anuncio ou desde o día seguinte ao da correspondente notificación, o proxecto de expropiación estará dispoñible para a súa consulta nos seguintes lugares:

- Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación Provincial de Lugo, situado na Ronda da Muralla, 140, Pavillón 3, 2º andar, 27004 Lugo, os días laborais, en horario de 09.00 a 14.00 horas. O teléfono de contacto para solicitar cita previa é o 982 265 943.

- No portal de transparencia da Deputación Provincial de Lugo:

<https://portaltransparencia.deputacionlugo.org/es/web/guest/exposicion-publica-de-proyectos>

A relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación é a seguinte:

Nº finca	Referencia catastral	Titulares catastrais	DNI	Tipo de solo	Superficie a expropiar (m²)	Outros bens afectados
1	27003A076001550000XH	José César Pereiro Varela	***4540**	Rústico	3.220	4 castiñeiros novos; 34 carballos novos
		Herdeiros de Fidel Pereiro Varela	-			

Tanto o anexo expropiatorio como a relación de bens consideráranse aprobados definitivamente unha vez transcurrido o prazo de información pública se non se presentan alegacións, ou unha vez resoltas estas.

Lugo, 30 de abril de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1235

CONCELLOS**CERVO***Anuncio***DECRETO**

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publicanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan unha praza de TÉCNICO/ A DE XESTIÓN , como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CALVO TORQUEMADA, EVA MARÍA	***7808**	SI
PEÑA FERNÁNDEZ, ELISABET	***3634**	SI
SAN ILDEFONSO LADRERO, JUAN IGNACIO	***9378**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
MAROÑO ABOY, JAVIER	***6291**	SI	(1)

(1) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/ excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/ as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1236

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publicanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditacións, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSONAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
BASANTA FERNÁNDEZ, JOSE MANUEL	***9195**	NON
GARCÍA LOMBARDÍA, ÁLVARO	***8193**	SI
PEREIRA CAMBEIRO, FRANCISCO JAVIER	***9686**	SI

b) PERSONAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1237

*Anuncio***DECRETO**

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan unha praza de OFICIAL 1ª SERVIZO DE OBRAS, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
GERICKE BEKKER, GERHARDUS ISIAS	***8379**	NON

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1238

*Anuncio***DECRETO**

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan tres prazas de PEÓN/A ALBANEL, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CAMPINA DA SILVA, WANDER HERALDO	***4445**	NON
FRANCO VÁZQUEZ, JUAN JOSÉ	***9445**	SI
LÓPEZ DÍAZ, JUAN CARLOS	***9948**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1264

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación,

entre as que se atopan cinco prazas de PEÓN/A SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO , como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
MÉNDEZ LÓPEZ, JOSE MANUEL	***8278**	SI
ORDAS DÍAZ, ABEL	***3761**	NON
SANTOS GUTIÉRREZ, ROBERTO	***3394**	NON
TORVISCO SARMIENTO, DAVID	***3829**	SI
VILLAR CABARCOS, RAFAEL	***3612**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/ excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/ as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1239

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de SOCORRISTA – PERSOAL APOIO SERVIZO PISCINA MUNICIPAL , como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditálos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CABALEIRO MARTÍNEZ, MARÍA ROCÍO	***9598**	SI
GONZÁLEZ DE LA BARRERA, PAULO	***2219**	SI
GUERRA ABRUÑEIRAS, PAULA	***2522**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/ as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1240

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan tres prazas de SOCORRISTA – PERSOAL APOIO SERVIZO PISCINA MUNICIPAL, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso - oposición, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditálos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
ABAD MOLINA, IRIA	***9282**	SI
CHAVES MON, RAMIRO	***9732**	SI
DA SILVA SÁNCHEZ, LORENA	***9655**	SI
GUERRA ABRUÑEIRAS, PAULA	***2522**	SI

b) **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
RODRÍGUEZ ROCA, MARÍA MAGADALENA	***8030**	SI	(1)
ROMERO BARRAGÁN, LIDIA MARÍA	***4327**	NON	(2) (3) (4) (5)

- (1) Non acredita estar en posesión da habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en instalacións acuáticas, e estar inscrita no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (segundo Decreto 104/2012, do 16 de marzo, e Decreto 35/2017, de 30 de marzo que modifica o anterior, ou aqueloutra normativa aplicable ao efecto en cada momento, requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.
- (2) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, Da certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delincuentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos, requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.
- (3) Non presenta o formulario/ modelo que figura como Anexo II, modelo de solicitude de participación, recollido na cláusula 2.2 Solicitudes de participación, das bases Específicas que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Cervo.
- (4) Non presenta o formulario/ modelo que figura como Anexo IV, para a valoración dos méritos alegados na fase de concurso ou no concurso (segundo proceda), recollido na cláusula 2.2 Solicitudes de participación, das bases Específicas que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Cervo.
- (5) Non presenta copia do DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante, tal e como se recolle na cláusula sexta.- solicitudes de participación, no apartado 6.5.a das bases xerais que rexerán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Cervo.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/ excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/ as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R.1241

*Anuncio***DECRETO**

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de OFICIAL 1ª LIMPEZA VIARIA , como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
TORREIRA RIVAS, JOSE LUIS	***7441**	NON

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/ as e excluídos/as.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1242

CHANTADA*Anuncio*

Segundo o acordado na sesión ordinaria do Pleno do día 4 de abril de 2024 publícase o seguinte acordo:

“3º.-Dedicación Parcial da Concelleira de Deportes, Educación e Xuventude. G478/2023. Ditame da Comisión Informativa do día 1 de abril de 2024 como segue textualmente:

(...) **PRIMEIRO.-**Determinar que polo cargo de Concelleira da área de Deportes, Educación e Xuventude, deste Concello de Chantada, se realicen as súas funcións en réxime de dedicación parcial polos motivos expresados na memoria-proposta.

SEGUNDO.-Establecer a favor da membro da Corporación que desempeñara as tarefas correspondentes ao seu cargo en réxime de dedicación parcial a seguinte retribución e condicións:

Area:	Concellería de Deportes, Educación e Xuventude
Concelleira:	Dona Belén Vázquez Caseiro
Retribución:	Importe anual bruto: 39.392,04 (trinta e nove mil trescentos noventa e dous euros con catro céntimos) mailos incrementos retributivos anuais que veñan determinados legalmente.
Condicións da Percepción:	Catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro.
Data de Inicio da dedicación.	16 de maio de 2024.

TERCEIRO.-Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeralcoñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados/as na sede electrónica deste Concello <http://chantada.sedelectronica.es>.

CUARTO.-Notificar o acordo á interesada e aos servizos económicos para o seu coñecemento e efectos. (...)

Chantada, 8 de abril do 2024.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1243

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO: 2 PEÓNS SERVIZOS MÚLTIPLES. PLAN UNICO 2023

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 30.04.2024 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 30.04.2024 aprobou as bases para seleccionar 2 **PRAZAS DE PEÓNS SERVIZOS MÚLTIPLES**.

- Modalidade de contratación: a modalidade do contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021.
- Duración: 5 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.323,00 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón servizos múltiples segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir do día seguinte da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 30 de abril de 2024.- O Alcalde, Angel Pérez Rodríguez.

R.1244

MONDOÑEDO

Anuncio

O 30 de abril de 2024, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2024-0083, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA, PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL A TRAVÉS DO QUE SE CONTRATARÁ UN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR, A TEMPO COMPLETO, PARA OS CONCELLOS DE MONDOÑEDO, ABADÍN, RIOTORTO E TRABADA PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DE XESTIÓN COMPARTIDA PARA OS CATRO CONCELLOS”**

Logo de ver a Orde do 6 de setembro de 2023, da Consellería de Política Social, polas que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais, para o programa de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023 a 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria (DOG nº 177, do 18 de setembro de 2023).

Ao abeiro da convocatoria anterior este concello, como promotor da Agrupación de concellos de Mondoñedo, Abadín, Riotorto e Trabada presentou unha solicitude de subvención, o 17 de outubro de 2023, para o programa de Educación e Apoio Familiar, na que se solicitaba a contratación dun/dunha Educador/a Familiar, para as anualidades 2023, 2024 e 2025. A presentación desta solicitude conlevou a formalización dun convenio asinado pola agrupación de concellos para a solicitude e posta en marcha conxunta do programa de Educación e Apoio Familiar.

Tras ver que con rexistro de entrada de 23 de novembro de 2023, o Concello de Mondoñedo, recibiu notificación de concesión da subvención para o Programa de Educación Familiar, nos termos seguintes:

Ano 2023, 37 horas, contía concedida 910.20 euros.

Ano 2024, 1720 horas, contía concedida 42312,00 euros.

Ano 2025, 717 horas, contía concedida 17638,20 euros.

Visto o Programa de carácter temporal a través do que se contratará un/unha Educador/a Familiar, a tempo completo, para os concellos de Mondoñedo, Abadín, Riotorto e Trabada, por un período de tres anos, para o servizo de educación e apoio familiar de xestión compartida para os catro concellos citados, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 29 de abril de 2024.

Existe unha urxente necesidade de contar con persoal especializado para a posta en marcha do citado programa dado que este Concello, nin ningún da agrupación, conta con persoal contratado especializado ao respecto.

O Alcalde asinou unha providencia que incoa o expediente para o proceso de selección para o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL A TRAVÉS DO QUE SE CONTRATARÁ UN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR, A TEMPO COMPLETO, PARA OS CONCELLOS DE MONDOÑEDO, ABADÍN, RIOTORTO E TRABADA PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DE XESTIÓN COMPARTIDA PARA OS CATRO CONCELLOS”, mediante o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, isto é, o devandito artigo, contempla aos funcionarios/as interinos/as aos que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, poden ser nomeados para a execución de programas de carácter temporal por un período de tres anos. Este é o caso do/a responsable deste programa temporal, que será 1 EDUCADOR/A FAMILIAR a tempo completo.

Asemade, consta no expediente unha memoria que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia precisa, de xeito puntual, co único obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a de programa (art. 10.1.c do TRLEBEP), para o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL A TRAVÉS DO QUE SE CONTRATARÁ UN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR, A TEMPO COMPLETO, PARA OS CONCELLOS DE MONDOÑEDO, ABADÍN, RIOTORTO E TRABADA PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DE XESTIÓN COMPARTIDA PARA OS CATRO CONCELLOS”.

As titulacións esixidas para este posto serán: Licenciatura ou Grao en Psicoloxía, Licenciatura ou Grao en Psicopedagogía, Licenciatura ou Grao en Pedagogía, Diplomatura ou Grao en Traballo Social, Diplomatura ou

Grao en Educación Social ou estar habilitado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 30 de abril de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL A TRAVÉS DO QUE SE CONTRATARÁ UN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR, A TEMPO COMPLETO, PARA OS CONCELLOS DE MONDOÑEDO, ABADÍN, RIOTORTO E TRABADA PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DE XESTIÓN COMPARTIDA PARA OS CATRO CONCELLOS” MEDIANTE O NOMEAMENTO DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROGRAMA

PRIMEIRA.—OBJECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior nomeamento dun/dunha EDUCADOR/A FAMILIAR, a tempo completo, como funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para o “PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL A TRAVÉS DO QUE SE CONTRATARÁ UN/UNHA EDUCADOR/A FAMILIAR, A TEMPO COMPLETO, PARA OS CONCELLOS DE MONDOÑEDO, ABADÍN, RIOTORTO E TRABADA PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DE XESTIÓN COMPARTIDA PARA OS CATRO CONCELLOS”. A súa duración será desde o momento da súa toma de posesión e por un período de tres anos.

Este nomeamento realízase para a creación e posta en marcha do programa de educación e apoio familiar, de xestión compartida, nos Concellos de Abadín, Mondoñedo, Riotorto e Trabada, ao abeiro da Orde de 6 de setembro de 2023 (DOGA nº: 177), da Consellería de Política Social, pola que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais, para o programa de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023 a 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia2021-2027e se procede á súa convocatoria.

As funcións serán as contempladas no citado Programa Temporal, así como as que encomende o Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue, e entre outras as seguintes:

- Promover a adquisición, por parte das familias destinatarias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas.
- Poñer a disposición das familias participantes de alternativas, información, recursos e itinerarios socioeducativos en relación coas posibilidades do contorno.
- Favorecer a integración, promoción e participación social das familias ou unidades de convivencia.
- Prever e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou grupos de convivencia alternativo.
- Prever e atender situacións derivadas de adicións en xoves destes Concellos.
- Promover espazos de encontro de nais e pais enfocados á mellora das capacidades educativas e mellora de calquera situación que se poida detectar.
- Deseño e avaliación de programas personalizados de intervención para a unidade familiar e a contorna.
- Coordinación cos profesionais implicados no proceso de intervencións nas unidades familiares.

Traballarase nos catro concellos que forman esta agrupación, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente, podendo realizar xornada intensiva ou partida.

Os desprazamentos realizaranse no vehículo propio con resarcimento da quilometraxe realizada.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE E PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: obxecto, natureza e dereitos e deberes das persoas usuarias.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde de 6 de setembro de 2023, da Consellería de Política Social, polas que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais, para o programa de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023 a 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria (DOG nº 177, do 18 de setembro de 2023).
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DA RELACIÓN LABORAL

1.- MODALIDADE E DURACIÓN: nomeamento do/a funcionario/a interino/a de programa, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de tres anos.

2.- XORNADA DE TRABALLO, será a tempo completo, de luns a venres. Traballarase nos catro concellos que forman esta agrupación, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente, podendo realizar xornada intensiva ou partida.

3.- RETRIBUCIÓN: As retribución serán as correspondentes ao persoal do grupo A, subgrupo A2, Complemento de destino 16, Complemento Específico 157,54 €.

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, sen incluír a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e decembro e/ou á finalización do contrato.

CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- f) **Titulacións académicas:** Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Licenciatura ou Grao en Psicoloxía, Licenciatura ou Grao en Psicopedagogía, Licenciatura ou Grao en Pedagogía, Diplomatura ou Grao en Traballo Social, Diplomatura ou Grao en Educación Social ou estar habilitado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia.
- g) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- h) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispoñer de medio de transporte para desprazarse aos concellos da agrupación, así como aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 TREBEP).
- i) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delinquentes sexuais.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

QUINTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante unha das seguintes opcións:

- a) Correo electrónico dirixido a: concellomondonedo@gmail.com, indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA O PROGRAMA TEMPORAL DE EDUCADOR/A FAMILIAR e achegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida e acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4”, ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª.2).
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso-oposición convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición e valoracións de méritos, realizándose primeiro a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros, e atenderase á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: Tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do Tribunal cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, de ser o caso, o Tribunal terá a categoría primeira (1ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**:

A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.

1.- FASE DE CONCURSO: A puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos.

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:

- a) Por servizos prestados en calquera administración pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Por servizos prestados en empresas privadas: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

1.2.-ACCIÓNES FORMATIVAS:

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.

Accións formativas específicas directamente relacionadas co emprego a desenvolver.

- a) Cursos de máis de 300 horas 0,60 puntos por curso.
- b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.
- c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso
- d) Cursos de 10 a 50 horas, 0,15 puntos por curso

Neste apartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc. deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

2.- FASE DE OPOSICIÓN: A puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter **obligatorio e eliminatorio**:

- Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.
- Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na

materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (<https://mondonado.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición. No caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo a da empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase con base nas Accións Formativas. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento aos candidatos/as que máis puntuación obtivesen, non podendo declarar que superaron a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser nomeados/as no caso de que os/as seleccionados/as non tomen posesión

no prazo que se lle sinala ou ben renuncien ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

DÉCIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaraa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

d) Certificado de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

e) Copia auténtica do DNI.

f) Copia auténtica da Tarxeta Sanitaria da Seguridade Social e documento acreditativo do número de conta bancaria.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o nomeamento, nin a toma de posesión, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOMEAMENTO DO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o nomeamento a favor da persoa proposta polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO SEGUNDA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se

produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado.

2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

3.- A comunicación da selección do candidato realizarase mediante un sistema de dobre chamada telefónica, na cal si o/a aspirante non responde, realizarase un segundo intento deixando transcorrer un tempo de quince minutos. Si efectuado o segundo intento non responde á chamada, o/a aspirante perde o dereito a ese contrato e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego. Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectivo o seu nomeamento ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciases a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista.

5.- Os períodos de proba serán acordes coa lexislación vixente. Se un traballador non superase o período de proba suporá a exclusión definitiva da bolsa.

6.- A vixencia da bolsa será a mesma que a do programa de carácter temporal.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO.

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>). O resto de actos do procedemento publicaranse na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

DÉCIMO CUARTA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO QUINTA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./Dona _____
 con DNI _____, nado/a (data nacemento) _____
 con enderezo a efectos de notificación en _____
 _____, Concello _____
 teléfono nº _____, e correo electrónico _____

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de EDUCADOR/A FAMILIAR, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 30 de abril de 2024.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separada do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2024

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

Anuncio publicado en: Num BOP 103 año 2024 (04/05/2024 08:00:00)

ANEXO II (TEMARIO)**Materias xerais:**

1. A Constitución Española do 1978.
2. Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
3. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
4. O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
5. O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
6. A provincia. Organización Provincial. Deputacións.
7. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
8. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
9. O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.
10. Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.
11. Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
12. A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.

Materias específicas:

1. Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
2. Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia.
3. O sistema galego de servizos sociais: titulares do dereito de acceso aos servizos sociais e dereitos e deberes das persoas usuarias.
4. Estrutura do sistema galego de SS.SS. Catálogo de SS.SS. Equipo profesional e funcións.
5. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: obxecto, natureza e dereitos e deberes das persoas usuarias.
6. Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar: definición, finalidade e desenvolvemento das actuacións de mediación.
7. Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.
8. Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
9. Programas e servizos nos servizos sociais comunitarios básicos. Servizo de educación e apoio familiar.
10. O programa de educación familiar.
11. Competencias e funcións do/a educador/a familiar. O rol do/a profesional nos programas de educación familiar. A familia como axente de cambio na intervención familiar.
12. Técnicas e instrumentos na educación familiar. Modelos de intervención, metodoloxía e avaliación.
13. Perfil do/a educador/a social. Habilidades e técnicas de intervención. Habilidades sociais do/a educador/a familiar para a intervención con menores.
14. Intervención dende os programas de educación familiar.
15. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.
16. Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión
17. Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión de Galicia.
18. Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Técnicas de entrevista.
19. Decreto 183/2013, do 5 de decembro polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá
20. Gabinetes de orientación familiar de Galicia: Obxecto. Obxectivos. Principios de actuación.
21. Decreto 96/2014, do 3 de xullo polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

22. O absentismo escolar. Variables e perfil do alumnado absentista. Implicación e relación familia-escola.
23. Malos tratos á infancia: definición, identificación. Intervención familiar en situacións de malos tratos á infancia.“

Mondoñedo, 30 de abril de 2024.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1245

Anuncio

O 30 de abril de 2024, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2024-0085, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA FISIOTERAPEUTA (50% XORNADA) E DUN/DUNHA TERAPEUTA OCUPACIONAL (50% XORNADA), COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTES POSTOS DE TRABALLO PARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, DE XESTIÓN COMPARTIDA NOS CONCELLOS DE ABADÍN, A PONTENOVA, BARREIROS, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, A PASTORIZA, POL, RIORTORTO E TRABADA

No Diario Oficial de Galicia, núm. 207 do 31 de outubro de 2022, publicouse a Orde do 19 de outubro de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, nos anos 2022-2024, susceptible de ser cofinanciada polo programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria (código de procedemento BS700A).

Logo de ver que este concello presentou unha solicitude o 29 de novembro de 2022, para o Servizo de Atención Temperá, na que entre outros profesionais, se solicitaba un/unha fisioterapeuta, co 50% da xornada, cuxo período subvencionable sería desde o 8 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2024 e un/unha terapeuta ocupacional, co 50 % da xornada cuxo período subvencionable sería desde o 1 de marzo de 2023 a 31 de outubro de 2024 ao abeiro da Orde do 19 de outubro de 2022.

Posteriormente, mediante notificación de resolución de concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención tempera nos anos 2022 a 2024 concédeselle ao Concello de Mondoñedo (promotor da agrupación) unha subvención para a contratación de persoal para o servizo de atención temperá (1 educador/a social-coordinador/a, a tempo completo, 1 psico-pedagogo/a, a tempo completo e 2 logopedas, 1 a tempo completo e 1 a tempo parcial (50% xornada), 1 fisioterapeuta a xornada parcial (50% xornada) e 1 Terapeuta ocupacional a xornada parcial (50% xornada) de nova creación. O período subvencionable neste caso, é desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2024. Actualmente cóntase cunha contratación administrativa para o servizo de fisioterapeuta, tras quedar desertos dous procesos selectivos de persoal laboral temporal para este emprego, considerando que o mellor, tanto desde o punto de vista económico como profesional, para esta unidade sería que todo o persoal manteña unha relación de contratación laboral.

Actualmente, A Mariña Lucense so conta con dous servizos especializados, sendo un deles o que está ubicado no Concello de Mondoñedo, que abrangue dez concellos (Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada) na modalidade de xestión compartida. Neste servizo aténdense a día de hoxe a 50 nenos/as, de non realizar esta contratación podería ser que os nenos e nenas de nova incorporación terían que inscribirse nunha lista de agarda por falta do profesional do servizo, polo tanto habería un retraso na atención aos nenos/as que dificultaría o seu desenvolvemento.

O alcalde asinou unha providencia que incoa o expediente para a selección para a contratación dun/dunha FISIOTERAPEUTA (50% xornada) e dun/dunha TERAPEUTA OCUPACIONAL (50% xornada), como persoal laboral temporal, así como a creación dunha bolsa de emprego para estes postos de traballo para a continuidade do Servizo de Atención Temperá de xestión compartida, nos Concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada. Neste caso, propónse a contratación a tempo parcial (50% xornada) por un período de 6 meses dos dous profesionais antes mencionados, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Aínda que as contratacións iniciais son co 50% da xornada, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das

Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do emprego público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia precisa, de xeito puntual, co obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación dun/ha fisioterapeuta, como persoal laboral temporal e dun/dunha terapeuta ocupacional, así como a creación dunha bolsa de emprego para estes postos de traballo, para continuidade do Servizo de Atención Temperá de xeito compartido nos concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada. Neste caso, as contratacións serán a tempo parcial por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Aínda que as contratacións iniciais son co 50% da xornada, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

A titulación requirida respectivamente para os dous postos serán a de diplomatura ou grao en fisioterapia e a diplomatura ou grao en terapia ocupacional.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria e bases a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 30 de abril de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide, a secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA FISIOTERAPEUTA (50% XORNADA) E DUN/DUNHA TERAPEUTA OCUPACIONAL (50% XORNADA), COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTES POSTOS DE TRABALLO PARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, DE XESTIÓN COMPARTIDA NOS CONCELLOS DE ABADÍN, A PONTENOVA, BARREIROS, LOURENZÁN, MEIRA, MONDOÑEDO, A PASTORIZA, POL, RIORTORTO E TRABADA

PRIMEIRA.—OBJECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal, para a continuidade do Servizo de Atención Temperá de xestión compartida, nos Concellos de Abadín, A Pontenova, Barreiros, Lourenzán, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Trabada, neste caso, a contratación será a tempo parcial por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado (aínda que as contratacións iniciais son co 50% da xornada, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible) ao abeiro da solicitude de subvención realizada por este concello según a Orde do 19 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos na marco da rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria (código de procedemento BS700A). As contratacións que se citan de seguido, polo tanto, estarán condicionadas á obtención da citada subvención, sendo causa de resolución do contrato a súa denegación:

- Un emprego de FISIOTERAPEUTA (50% xornada)
- Un emprego de TERAPEUTA OCUPACIONAL (50% xornada)
- Creación dunha bolsa de emprego para estes postos de traballo

Neste caso, as contratacións iniciais serán a tempo parcial por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidades do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín

Oficial da Provincia de Lugo. Aínda que as contratacións iniciais son co 50% da xornada, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

Este proceso selectivo realízase mediante o sistema de CONCURSO – OPOSICIÓN.

As funcións, destes dous empregos, serán as que encomende o Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue, e entre outras as seguintes:

- Deseño e avaliación de programas personalizados de intervención para o neno/a, a familia e a contorna.
- Apoio emocional, social, informativo e formativo no relacionado coa
- Información diagnóstica.
- Elaboración de documentación técnica e pautas individualizadas.
- Intervención directa cos nenos e nenas e as súas familias segundo as necesidades.
- Información e asesoramento a familias en sistemas alternativos de comunicación e desenvolvemento da linguaxe.
- Valoración de situacións de risco, dificultades e trastornos do desenvolvemento da comunicación, a linguaxe e a fala.
- Información, orientación e apoio relacionado co desenvolvemento persoal e as necesidades cotiás .
- Coordinación cos profesionais implicados no proceso de intervencións dos menores: pediatría, neonatoloxía, servizos sociais, servizos educativos, etc.
- Elaboración de protocolos de valoración específicos.
- Derivación a outros servizos específicos.
- Elaboración de documentos de apoio e o plan de acción anual e memoria de actuacións.
- As propias de cada posto de traballo, convocado.
- Calquera outra, relacionada cos postos de traballo convocados, que lle asigne o Alcalde, concelleiro/a ou empregado/a en quen delegue.

Os desprazamentos realizaranse no vehículo propio con resarcimento da quilometraxe realizada.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP).

No non previsto nas presentes bases, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde do 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos na marco da rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— MODALIDADE E DURACIÓN DA RELACIÓN LABORAL

1.-MODALIDADE E DURACIÓN: Neste caso, as contratacións serán a tempo parcial, 50% xornada, por un período de 6 meses, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible, así como a creación dunha bolsa de emprego co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado. A bolsa terá unha duración de tres anos dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Aínda que as contratacións iniciais son co 50% da xornada, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

As presentes contratacións, polo tanto, estarán condicionadas á obtención da citada subvención, sendo causa de resolución do contrato a súa denegación.

2.-XORNADA DE TRABALLO, será a tempo parcial (50% xornada), de luns a venres, cos descansos establecidos legalmente. Traballarase no Concello de Mondoñedo ou en calquera dos concellos que forman esta agrupación, en función das necesidades do servizo e en calquera caso, nos días e horarios que designe o Alcalde-Presidente, podendo realizar xornada intensiva ou partida.

3.-RETRIBUCIÓN:

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

1 fisioterapeuta a tempo parcial (50% xornada)	843,59 €/mes
1 Terapeuta ocupacional a tempo parcial (50% da xornada)	843,59 €/mes

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e/ou á finalización do contrato.

CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- f) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- g) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- h.1) Titulación académica Fisioterapeuta: Estar en posesión **da Diplomatura ou Grado en Fisioterapia**.
- h.2) Titulación académica Terapeuta Ocupacional: Estar en posesión **da Diplomatura ou Grao en Terapia Ocupacional**.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

- i) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

j) Acreditar formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias.

k) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispor de medio de transporte para desprazarse aos concellos da agrupación, así como aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 TREBEP).

QUINTA.—FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante correo electrónico dirixido a: concellomondonedo@gmail.com, indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA FISIOTERAPEUTA OU CONTRATACION DUN/DUNHA TERAPEUTA OCUPACIONAL PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTES POSTOS e achegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida, formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias e acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir B.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4”, ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª).
- Fotocopia cotexada da formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias.
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso-oposición convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.

- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- a data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición e a valoración de méritos, realizándose primeiro a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante dous (2) días hábiles seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante Resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, de ser o caso, o Tribunal terá a categoría primeira (1ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio.

OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección, para ambos postos, será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.

FASE DE CONCURSO: A puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos.

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:

a) Por servizos prestados en calquera administración pública con menores e/ou familias con menores: 0,06 puntos/mes.

b) Por servizos prestados en empresas privadas con menores e/ou familias con menores 0,03 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.
- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.
- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

1.2.-ACCÍONS FORMATIVAS

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.

Accións formativas específicas relacionadas co emprego a desenvolver:

- a) Cursos de máis de 300 horas 0,60 puntos por curso.
- b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.
- c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso
- d) Cursos de 5 a 50 horas, 0,15 puntos por curso

Neste apartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organización sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

FASE DE OPOSICIÓN: A puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter **obligatorio e eliminatorio**:

- Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

- Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado do Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición. No caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver (en primeiro lugar na administración pública, e en segundo lugar na empresa privada). De persistir o empate, este dirimirase con base nas Accións Formativas. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento aos candidatos/as que máis puntuación obtivesen, non podendo declarar que superaron a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncien ao emprego.

DECIMA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaraa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- e) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.
- f) Tarxeta sanitaria da Seguridade Social e documento acreditativo do número de conta bancaria.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMA PRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO SEGUNDA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO POR UN PERÍODO DE TRES ANOS

- 1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado.
- 2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.
- 3.- A comunicación da selección do candidato realizarase mediante un sistema de dobre chamada telefónica, na cal si o/a aspirante non responde, realizarase un segundo intento deixando transcorrer un tempo de quince minutos. Si efectuado o segundo intento non responde á chamada, o/a aspirante perde o dereito a ese contrato e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego. Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- A renuncia ou a non finalización dun contrato no prazo establecido por causas imputables ao traballador suporá o paso ao último lugar da bolsa de emprego. Así mesmo, unha nova renuncia ou incumprimento dese prazo suporá a exclusión definitiva da bolsa de emprego.

5.- Os períodos de proba serán acordes coa lexislación vixente. Se un traballador non superase o período de proba suporá a exclusión definitiva da bolsa.

6.- A primeira contratación será a tempo parcial (50% xornada) por un período de 6 meses, e unha vez finalizada a relación laboral, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

7.- A vixencia da bolsa será por un período de tres anos a contar desde o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>). O resto de actos do procedemento publicaranse na sede electrónica (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

DÉCIMO CUARTA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.

- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO QUINTA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a.....,
 con DNI....., nado/-a(data nacemento),
 veciño/-a de....., con enderezo en.....

 Concello..... teléfono.....
 e correo electrónico.....

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura dun emprego DE

- FISIOTERAPEUTA (50% XORNADA)
 - TERAPEUTA OCUPACIONAL (50% XORNADA)
- (marcar o que corresponda)

E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTES POSTOS PARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 30 de abril de 2024.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2024

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANEXO II (TEMARIO)

1. A Constitución Española do 1978.
2. Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma
3. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.
4. O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
5. O orzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.
6. A provincia. Organización Provincial. Deputacións.
7. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
8. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
9. O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.
10. Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.
11. Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
12. A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.

Materias específicas:

1. Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
2. Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia.
3. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
4. DECRETO 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
5. DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
6. Orde do 30 de novembro de 2024, polo que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes
7. Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.
8. Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
9. O servizo de educación e apoio familiar.
10. A coordinación profesional na intervención en atención temperá: Familia, escola...
11. Libro branco da Atención Temperá. 2015-2017 Xunta de Galicia.
12. A Prevención en Atención Temperá. Niveis e actuacións.
13. DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
14. DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
15. Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá
16. Organización diagnóstica para a Atención Temperá. Federación estatal de asociación de profesionais de atención temperá.
17. Intervención Temperá en Europa: Organización de Servizos e Asistencia aos Nenos e as súas Familias. Tendencias en 17 Países Europeos.
18. Axenda da Atención temperá de Galicia

19. Resolución de 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos plans de atención integral a menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolvela e avaliación anual correspondente ao exercicio 2012 dos resultados de aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
20. Medidas de apoio a persoas con discapacidade.
21. Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade.
22. Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
23. Orde DSA/934/2023, do 19 de xullo, pola que se modifican os baremos que figuran como Anexos I, II, III, IV, V e VI do Real Decreto 888/2022, do 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
24. Resolución do 17 de maio de 2023, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se publica o Acordo da Comisión Estatal de Coordinación e Seguimento da Valoración do Grao de Discapacidade, relativo ás circunstancias especiais que poden dar lugar á valoración do grao de discapacidade por medios non presenciais ou telemáticos.
25. Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. “
Mondoñedo, 30 de abril de 2024.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1246

A PASTORIZA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de abril de 2024 e de conformidade codisposto na Base 6, faise publica a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura dunha praza de Operario de Servizos Múltiples do Concello da Pastoriza, Persoal Laboral fixo,

Primeiro: Aprobar a seguinte listaxe DEFINITIVA de admitidos e excluídos:

- ADMITIDOS

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
IGLESIA PÉREZ, ÁLVARO	***4648**	NO
FERNÁNDEZ LÓPEZ, JOSÉ	***5133**	SI
LÓPEZ FERNÁNDEZ, BORIS	***1007**	NO
NAVARRO RIVAS, LUIS MANUEL	***7342**	NO
PAZ IGLESIA, LUIS	***2863**	NO
RODRÍGUEZ BARREIRO, MANUEL	***4220**	NO
SECO CORNIDE, JOSÉ LUIS	***0387**	SI

- EXCLUIDOS

NINGÚN

Segundo: Designar como membros do tribunal aos seguintes membros:

Presidente: Carlos Luis Abella Pérez. Enxeñeiro Agrónomo do Concello da Pastoriza

Suplente: Eduardo Rodríguez Río. Operario Servizos Múltiples do Concello da Pastoriza.

- Vogal 1º: Antonio Braña García. Peón Servizos Básicos Do Concello da Pastoriza

Suplente: Mario Grandio Paz. Peón Servizos Básicos do Concello da Pastoriza

- Vogal 2º: Miguel Angel Iglesias García. Peón Servizos Básicos do Concello da Pastoriza

Suplente: Margarita Rodríguez Peinó. Administrativa do Concello da Pastoriza

- Vogal 3º: Mariluz Sandamil Expósito. Axente de Emprego do Concello da Pastoriza

Suplente: Catalina Iglesias Seivane. Peón Servizos de augas do Concello da Pastoriza.

- Secretaria: Trinidad Costa Alvite. Administrativo do Concello da Pastoriza.

Suplente: Maria Belén López López. Secretaria- interventora do Concello da Pastoriza.

Así mesmo, na citada resolución, fixouse a data de constitución do tribunal, que terá lugar odía 8 de maio de 2024, ás 14:00 h na Casa do Concello da Pastoriza

Unha vez constituído o Tribunal, este decidirá a data de celebración da primeira proba, que se realizará no prazo máximo de 30 días naturais desde a constitución do tribunal.

O que se fai publico aos efectos oportunos, facendo constar que este anuncio publicarase no BOP de Lugo, taboleiro de edictos do Concello e sede electrónica do Concello da Pastoriza

A Pastoriza, 30 de abril de 2024.- O ALCALDE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1247

XERMADE

Anuncio

PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES MARZO DE 2024.

Por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 02/05/2024 aprobouse o padrón correspondente o mes de MARZO de 2024, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 06/05/2024.

Xermade, 2 de maio de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R.1265